

**ANUNCIO NO TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO E NA PÁXINA
WEB www.paradela.es**

Por resolución da Alcaldía do día 8 de xullo de 2022, aprobouse definitivamente a lista de admitidos e excluídos da convocatoria relativa ao proceso de selección de persoal laboral temporal, 3 Operarios condutores do vehículo motobomba do Concello de Paradela, a designación de membros do tribunal e a data de constitución do mesmo, así como o lugar e hora de realización do proceso de selección.

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Rematado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso de selección de persoal laboral temporal, 3 operarios condutores do vehículo motobomba do Concello de Paradela, en cumprimento do convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Paradela, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2022, actuación vehículo motobomba e de conformidade co establecido nas bases aprobadas xunto coa convocatoria en resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2022, e en virtude do artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, e do artigo 21.1g), da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos, dos candidatos participantes no proceso de selección, que cumpren cos requisitos das bases da convocatoria dos 3 postos de Operarios condutores do vehículo motobomba do Concello de Paradela.

RELACIÓN DE ASPIRANTES

ADMITIDA/OS:

Nome e apelidos
Ivan López Fernández
Ruben Seijas López
Nabor Fernández Rielo
David Cela López
José Miguel Sánchez Navaza
Francisco Javier Teijeiro Cabado
José Pablo Mendaña López.
José Ramón Valin Bermudez



EXCLUÍDA/OS:

Ningún.

SEGUNDO. Neste suposto que non é obxecto de exclusión de candidatos, nin é necesario o trámite de emenda polos candidatos que participan no proceso de selección, do que a documentación presentada é correcta, e de acordo co establecido na cláusula sexta das bases que regulan este proceso de selección, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data de constitución, lugar e hora de realización das probas, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es

TERCEIRO. Visto o establecido na cláusula sétima das bases que regulan este proceso de selección, procedese a designar como membros do tribunal cualificador e fixándose a data da súa constitución para o día 11 de xullo de 2022:

— Presidente: D. José Luis Rodríguez López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo)

— Suplente: D. José López González, Empregado público do Concello de Dozón (Pontevedra).

— 1º Vogal: D. Manuel Piñeiro López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D^a. Maria Concepción Crespo González, Empregada pública do Concello de Mondoñedo (Lugo).

— 2º Vogal: D^a. Maria José Golas Moure, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo)

— Suplente: D. Ana Candame Areosa, Empregada pública do Concello de Brion (A Coruña).

— 3º Vogal: D^a. Alicia de la Iglesia López, Empregada pública do Concello de Portomarín (Lugo).

— Suplente: D^a. Antia Pena Dorado, Empregada pública do Concello de Ponteceso (A Coruña).

— Secretaria: D^a. Ruth López-Mosquera García, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D^a. Maria Cristina González Santín, Empregada pública do Concello de Monforte de Lemos (Lugo).



CUARTO. A realización da fase de oposición, terá lugar o día 15 de xullo de 2022, ás 09:30 horas, na Casa do Concello de Paradela. Rúa Cabaleiros de Santiago,15. 27611 Paradela (Lugo). Trala fase de oposición, na mesma xornada e segundo o establecido nas bases que rexen o proceso de selección, procederase o acto de valoración de méritos da fase de concurso.

QUINTO. Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos para os efectos oportunos, a designación do tribunal e a data de constitución do mesmo, así como o lugar e hora de realización do proceso de selección.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Paradela na data da sinatura electrónica ao marxe.

O Alcalde,
Asdo: José Manuel Mato Díaz

A Secretaria-Interventora
Asdo: Ruth López-Mosquera García”

Isto faise público, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria do proceso de selección e no artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es, ante o alcalde do Concello de Paradela, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

En Paradela na data da sinatura electrónica ao marxe.

O alcalde,

